

RECURSOS DIDÁCTICOS A CERÁMICA CASTREXA



A cerámica constitúe un elemento fundamental da cultura material castrexa. A súa abundancia nos xacementos arqueolóxicos axúdanos a coñecer mellor os modos de vida das persoas que habitaron nos castros.

A ARXILA: COMO OBTIÑAN A MATERIA PRIMA?

Atopábanase case sempre na contorna próxima, debían extraela para despois secala e peneirala, limpándoa de impurezas como a terra e as pedras. A continuación engadían mica e cuarzo machucado para obter unha masa máis plástica; isto permitía unha mellor modelaxe pero tamén maior resistencia ás fracturas durante a cocción. Finalmente, agregaban auga para formar unha pasta maleable e... listo para empezar traballar!



A CERÁMICA: QUE COÑECEMOS ACERCA DELA?

A cerámica castrexa tende a ser escura, predominan as técnicas incisas, impresas ou aplicacións en relevo e os motivos xeométricos.

Foi empregada polas e polos castrexos en numerosas tarefas domésticas, pois era un material fácil de obter e de traballar. Ademais, era o máis adecuado para cociñar ou almacenar. O repertorio incluía basicamente olas, xerras, vasillas, cuncas e grandes contedores.

COMO FOI EVOLUCIONANDO?

A cultura castrexa sofre unha evolución dende as súas orixes ata a conquista romana e, en consecuencia, a produción cerámica tamén vai sufrir (a funcionalidade, as proporcións, os elementos formais e as decoracións variaron ao longo da Idade do Ferro e ata a chegada dos romanos.)

FASE INICIAL (S .VIII-V a.C.)

Nun primeiro momento parece ser que a elaboración de cerámica se reduce ao ámbito doméstico, para uso propio, de xeito ocasional e cun nivel tecnolóxico baixo (barro pouco seleccionado, coccións deficientes, modelado a man e decoración básica). A decoración realízase sempre coa peza aínda fresca e empregando un obxecto eventual: espátulas, dedos, cánulas ou punzóns. O desgraxante utilizado maioritariamente é o granítico, de gran basto, que se irá refinando conforme avancemos no tempo.



Castro de Torroso
(Pontevedra)



Castro de Fozara
(Pontevedra)



FASE MEDIA (S. IV-II a.C.)

Pouco a pouco esta actividade vaise especializando, o nivel tecnolóxico xa se aproxima máis ao dun oficio: barro de calidade plástica, cocción adecuada, perfeccionamento nos recursos técnicos e decorativos. Hai unha maior variedade de formas, ademais dun cambio na estética (novo instrumental e técnicas: fábrícanse matrices, introdúcese a estampaxe, emprégase o peite na ornamentación...).

Por outra banda, existen diferenzas formais e decorativas que nos levan a falar da existencia de áreas oleiras. Os asentamentos castrexos máis “activos” neste sentido son os orientados cara ao mar e cara ao sur, sinaladas tamén como as vías principais de comunicación e difusión das innovacións.

FASE FINAL (S. I a.C.-S. I d.C.)

Será coa aparición dos grandes poboados e dunha maior xerarquización, cando a produción cerámica evolucione do ámbito doméstico cara a especialización (chegando a existir centros produtores). Coa romanización aumenta a divulgación da técnica do novo modelado (torno). A decoración vólvese moi recargada, con estampillados máis complexos e o aumento da decoración plástica.



Castro de San Cibrao de `Las
(Ourense)

Aínda que os motivos xeométricos son case exclusivos na cerámica castrexa, tense documentado algunha estampaxe figurativa zoomorfa - como peixes ou aves - .



Castro de Neixón (Pontevedra).
Fonte: neixon.blogspot.com.es

